


feminisTIC

5.1.- Na aula

Proposta de actividade

Situando na historia



Pídelle ao teu alumnado que seleccione fitos destacados da historia dos avances feministas en materia de dereitos: voto das mulleres, divorcio, legalización aborto, etc.

Tamén podes facer unha pequena investigación para identificar referencias deses logros en Galiza ou na túa localidade ou comarca.

Pídelles agora que busquen as datas nas que se produciron eses fitos e algunha imaxe que poida estar relacionada.

Con toda esa información pódese facer unha liña de tempo para comprender a súa sucesión.


Aquí ves unha na que aparecen recollidos algunhas das mulleres que realizaron achegas significativas na loita polos dereitos das mulleres.



Ferramenta TIC

Unha ferramenta moi sinxeliña para facer liñas de tempo, e que non require nin rexistro, é *Timeline*. Con ela poderás organizar a información secuencial de xeito moi visual.

Para acceder á ferramenta vai a:



http://www.readwritethink.org/files/resources/interactives/timeline_2/

Proposta de actividade

Escribindo un dicionario

Xa se comentou que só o 20% das biografías da *Wikipedia* son de mulleres, mais esa é unha situación que pode mudar, xa que a wikipedia é unha enciclopedia construída polas persoas e non por institucións.

Un traballo interesante para o alumnado é facer unha escolma de personaxes femininos que non teñen unha referencia na Galipedia. Pódese facer por sectores profesionais, por épocas, que estean relacionadas coas materias nas que se faga a actividade, polos gustos do alumnado, centrándose nas da propia localidade, etc.

Unha vez feita a selección virá o traballo de investigación, consulta de diversas fontes, procura de imaxes e outra documentación complementaria, etc.

Despois a redacción do texto ou a revisión do artigo que existe na *Galipedia* e finalmente a inclusión do artigo na enciclopedia.



Ferramenta TIC

Para buscar información moitas veces empregamos a *Galipedia*. Por ese motivo, seguramente, ao alumnado resultarlle especialmente interesante facer a súa propia achega á

enciclopedia, ben sexa redactando ou revisando artigos. Para facer esta tarefa é boa cousa rexistrarse na Galipedia e así poder deixar a pegada das achegas realizadas.



Accede a: https://gl.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Portal_da_comunidade

Para ver



Unha muller especialmente preocupada pola situación das mulleres na cadea foi Concepción Arenal. Esta película repasa algúns momentos significativos da súa vida.

Mañá, L. (directora). (2012). Concepción Arenal. A visitadora de cárceres [Cinta cinematográfica]. Distinto Films / Zenit TV / Televisió de Catalunya (TV3) / Televisión de Galicia / Canal Sur Televisión / TVE

<https://gloria.tv/video/2BUVKip9BCofCKANLpXo9gja6/embed>

Para ler



López, M., Vidal, C., Martins, M., Álvarez, X., Fajardo, M., Cabana, A., Gallego, M., Rozas, R., Abelleira, M. e Acuña, A. (2015).: *Do gris ao violeta. Achegas á historia das mulleres de Pontevedra*. Concello de Pontevedra. Pontevedra.

As fontes para o coñecemento da situación laboral das mulleres na Idade Media, maioritariamente androcéntricas, son moi irregulares. Unha gran parte da información está en mans de homes da igrexa, homes

aos que o estado matrimonial lles é negado a partir do século XI; a súa visión do mundo feminino está con certeza deformada polos prexuízos relixiosos e ideolóxicos. Malia todo, os achados históricos sitúan a incorporación feminina ao mundo laboral extradoméstico no século XIII. Nas cidades do final da Idade Media, unha parte importante da actividade produtora e comercial está nas mans femininas, particularmente nas viúvas, que á morte do esposo collían as rendas do negocio familiar, administraban as propiedades e mesmo podían facer testamento cunha liberdade que, paradoxicamente, será recortada no futuro.

Licenciado baixo a [Licenza Creative Commons Recoñecemento Compartir igual 4.0](#)

María Miragaya